



MISIÓN, FINS, FUNCÍONS, ACTIVIDADES FUNDACIONAIS E MEDIOS DA FUNGA

A **misión** da fundación e os **fins** precisos para dar cumprimento a tal misión están establecidos no **artigo 6 dos estatutos da FUNGA**, artigo este que afirma:

“A misión da fundación é a promoción da autonomía e a asistencia no exercicio da súa capacidade xurídica das persoas adultas con discapacidade en situación de desamparo que cumpran cos requisitos establecidos nestes estatutos para ser beneficiarias da actividade da Fundación.

Para dar cumprimento a esta misión débense concretar os fins da Fundación. Así, son fins da Fundación:

- 1.- A prestación dos distintos tipos de medidas formais de apoio para o exercicio da capacidade xurídica provistas ás persoas que cumpran os requisitos establecidos nestes estatutos para adquirir a condición de persoas beneficiaria, para cuxo desempeño se nomease á FUNGA e previa aceptación por parte da Fundación. A prestación destas medidas de apoio realizarase respectando os dereitos e dignidade da persoa, tendo en conta a súa vontade, desexos e preferencias, favorecendo o pleno desenvolvemento da súa personalidade, fomentando que nun futuro precise dun menor apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica, contribuíndo a que poida desenvolver o seu propio proceso de toma de decisións e respectando o ámbito de extensión concretado no nomeamento da FUNGA para o exercicio do apoio.
- 2.- Favorecer a integración na comunidade das persoas adultas con discapacidade que reciben o apoio da Fundación.
- 3.- Fomentar o respecto aos dereitos das persoas adultas con discapacidade que precisen de apoios para o exercicio da súa capacidade xurídica a través da promoción da formación, información e sensibilización social.



Para a consecución destes **fins**, o **artigo 7 dos estatutos** especifica as **funcións e actividades fundacionais** que a FUNGA levará a cabo, así como os **medios** cos que para elo conta:

“Para a consecución dos fins detallados no artigo anterior, a Fundación desenvolverá as seguintes funcións respecto das persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10 dos presentes estatutos para ter a condición de beneficiaria:

- 1- O exercicio da curadoría, tanto representativa como asistencial, das persoas beneficiarias nos termos fixados pola normativa vixente.
- 2- A asunción da defensa xudicial das persoas beneficiarias incursas nun expediente ou procedemento de provisión de medidas xudiciais de apoio ao exercicio da súa capacidade xurídica ou que, provistas xa dunha medida de apoio, se atopen nunha situación de desamparo que xustifique, de acordo coa normativa vixente, o nomeamento e exercicio deste apoio por parte da Fundación, previo nomeamento e aceptación por parte da Fundación.
- 3- A administración dos bens das persoas beneficiarias actuando no seu beneficio e respectando os principios de prudencia, conservación e mellora conforme ao previsto no Código Civil.
- 4- Exclúese do ámbito de actuación da Fundación a prestación de apoios informais tales como a garda de feito.
- 5- Facilitar o acceso ás actividades de asistencia, prevención, rehabilitación, reinserción, integración socio- laboral e formación, que favorezan a súa integración na comunidade.
- 6- Promover a realización, sexa directa ou indirectamente, de programas que faciliten o desenvolvemento social das persoas con discapacidade.
- 7- Orientar e asesorar ás persoas que exerzan medidas de apoio, e en xeral a todas aquelas persoas que demanden información.
- 8- Participar na formación de profesionais relacionados cos servizos sociais de atención ás persoas con discapacidade.
- 9- Fomentar actividades de carácter educativo, técnico, científico e cultural no ámbito da prestación de medidas de apoio ás persoas con discapacidade.



- 10- Impulsar actividades de divulgación e sensibilización social para fomentar o respecto aos dereitos das persoas maiores de idade con discapacidade e a súa maior integración e normalización na sociedade.
- 11- Fomentar accións de patrocinio, solidariedade e financiamento no ámbito da prestación de medidas de apoio de persoas adultas con discapacidade por parte de empresas e entidades públicas e privadas.

A Fundación, para a realización das funcións enumeradas no parágrafo anterior e co fin de acadar os seus fins fundacionais, empregará os medios propios cos que está dotada, ademais dos que poda obter de colaboracións con terceiros con esta finalidade, podendo realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- 1.- Establecer convenios e, no seu caso, protocolos de colaboración con institucións públicas e privadas, que faciliten a consecución dos fins fundacionais.
- 2.- Subscribir os oportunos contratos con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, para o cumprimento dos seus fins.
- 3.- Coordinar as súas actividades con aquelas outras que realicen as Administracións Públicas ou calquera outra institución, orientadas aos fins da Fundación.
- 4.- Participar e colaborar no deseño, desenvolvemento e execución de proxectos de ámbito estatal e internacional.